

**Acta da Sesión ordinaria do Pleno do Concello de Cereda de 26 de novembro de 2020.**

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cereda (A Coruña), sendo as 21 horas do día 26 de novembro de 2020, reúñese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rodríguez García, co obxecto de celebrar sesión ordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

**Asistentes:**

**Grupo Municipal Socialista:**

D. Juan Manuel Rodríguez García.  
Dna. Cristina Capelan Cancelo.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón.  
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.  
D. Jesús Rama Bello  
Dna. Catrina Queijo García  
D. Angel Gestal Gomez

**Grupo Municipal Popular:**

D. José Francisco Santos Regueiro  
Dna. Luz María Bello Vázquez  
Dna. Celia López Pallas.  
D. Jesús Picón Pardo  
Dna. Lorena García Costa.

**Grupo Municipal Mixto:**

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

**Orde do día**

**Acordos**

**Primeiro.** Aprobación, se procede, sa proposta ditaminada de recoñecemento extraxudicial de F/2020/15.

**Segundo.** Aprobación, se procede, da proposta ditaminada aprobación definitiva da ordenanza reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.

**Fiscalización e control.**

**Primeiro.** Dación de conta dos Decretos de Alcaldía 668 a 919/2020..

**Segundo.** Mocións.

**Terceiro.** Rogos e Preguntas

**Acordos**

**Primeiro.** Aprobación, se procede, sa proposta ditaminada de recoñecemento extraxudicial de créditos (F/2020/15).

O Sr. Alcalde-Presidente explica que se trata de facturas do sector eléctrico de 2016, cuio retraso débese a diversos motivos, como a súa tardía entrada no rexistro, etc. e de seguido procede a lectura da proposta que se transcribe:

#### **"Antecedentes**

Considerando a necesidade de recoñecer obrigas rexistradas no exercicio 2016, procedente de facturas correspondentes a servicios eléctricos subministrados en 2016, con data de expedición en 2016, pero que foran devoltas en dito ano porque non incluían toda a información requerida para a súa tramitación.

As facturas non foron devoltas correxidas ó Concello para a súa tramitación ata abril de 2020.

Vista a relación de ditas facturas, todas elas emitidas pola empresa COMERCIALIZADORA REGULADA GAS &POWER, S.A. (A-65067332), relación F/2020/15, incorporada ó expediente TEDEC 2020/G006/000013. (462 facturas, cuxo importe total ascende a 42.198,31 euros)

#### **Consideracións legais**

Ao abeiro do artigo 176 do TRLFL e 26 do RDO, con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demás prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, se aplicarán ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais da entidade local.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3 do TRLFL.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RDO.

Vistos os informes da Intervención municipal 112/2020, de 15/06/2020, e 114/2020, de 17/06/2020.

En cumprimento das atribucións que lle corresponden segundo a Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, proponse ó Concello Pleno a adopción do seguinte

#### **Acordo**

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas anterior, co obxecto de proceder ao seu recoñecemento extraxudicial ao non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correpondía, por un importe total ascende a 42.198,31 euros.”

\*Intervencións que se citan:

A concelleira Sra. López alega que hai un uso excesivo do recoñecemento extraxudicial de créditos e que eso é síntoma dunha mala administración, e que neste caso leva un excesivo retraso dende o mes de maio. Pregunta si se podería responsabilizar a alguien, e posteriormente cita un informe do Consello de Contas sobre os recoñecementos extraxudiciais. Solicita que se axilice e que se trate o antes posible.

O concelleiro Sr. Sánchez dí que esto manifesta a mala xestión do anterior alcalde, e pide a posibilidade de cambiar de empresa subministradora.

Contesta o Sr. Alcalde que os problemas do FACE non teñen relación co concello, que evidentemente non pode evadir a súa responsabilidade, e que no caso do abono está plenamente xustificado, e recorda que ten que seguir os cauces legais marcados pola intervención. Afirma, que sempre disminue o crédito cando hai que pagar. Asegura que a xestión de Liñares non ten que ver coa cantidade de facturas que se presentan.

A concelleira Sra. López dí que eles non dixerón nunca que non había que pagar, non están en contra do pago senón do procedemento.

O concelleiro Sr. Regueiro reitera que se considere a posibilidade de cambiar de compañía. Asegura que estas son cuestións técnicas que afectan á política, e que realmente están preocupados polo monto de facturas atrasadas que aparecen.

Responde o Sr. Alcalde que é inherente o de estar a favor do pago e votar en contra. A tramitación foi correcta, e recorda que a política non esta en fiscalizar as facturas, as facturas son de obrigado pagamento.

Sométese a votación a proposta resultado aprobada por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, seis abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e o Mixto.

**Segundo. Aprobación, se procede, da proposta ditaminada aprobación definitiva da ordenanza reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.**

O Sr. Alcalde lee sucintamente a proposta:

**"Aprobación definitiva da ordenanza reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.**

En sesión de Concello-Pleno celebrada o 28/11/2019, adoptouse, entre outros o acordo de aprobación inicial desta ordenanza, publicase no BOP nº 232, de data 5/12/2019 anuncio de exposición pública. O goberno municipal presenta alegación o 7/1/2020, con rexistro de entrada 17/2020, na que se propón a supresión do apartado 1, do epígrafe 1, do artigo 7 da ordenanza, relativa as altas e cambios de domicilio, que grava cunha cota tributaria de 2,00 € este concepto. Baseandose nos problemas de crecemento poboacional deste Concello, polo que non se considera oportuno o cobro das altas padronais.

Visto o informe de intervención ....., de .....

Sendo atribución do Concello Pleno, según establece o artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a aprobación provisional e definitiva dos Regulamentos e Ordenanzas, propone a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Estimar a alegación presentada por D. José García Liñares , en nome do Goberno Municipal, en data 7/1/2020..

**Segundo:** Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte, dacordo co texto que se inclúe no anexo.

**Terceiro:** Publicar o acordo de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza no BOP.

#### **Anexo**

**2.- Ordenanza reguladora da taxa por documentos que expida ou de que entenda a administración ou as autoridades municipais a instancia de parte.**

##### **Artigo 1. Fundamento e réxime**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.a) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, establece a Taxa por Documentos que expida a Administración ou as Autoridades Locais a instancia de parte, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDI 2/2004 citado.

##### **Artigo 2. Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a actividade municipal desenvolvida como consecuencia da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que expida ou de que entenda a Administración ou Autoridades Municipais.

##### **Artigo 3. Suxetos pasivos**

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que soliciten, provoquen ou resulten beneficiadas pola tramitación ou expedición dos documentos a que se refire o artigo 2.

##### **Artigo 4. Devengo**

A obrigación de contribuír nace coa solicitude da expedición do documento, ou co documento mesmo, do que vaia entender a Administración municipal, sen que se inicie a actuación ou o expediente ata que se efectúe o pago xunto coa solicitude, co carácter de depósito previo.

##### **Artículo 5. Responsables**

1. Serán responsables solidarios das obligacións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

#### **Artigo 6. Base imponible e liquidable**

A base imponible dependerá, en cada caso, da clase ou natureza do documento tramitado ou expedido pola Administración municipal.

#### **Artigo 7. Cota tributaria**

EPÍGRAFE 1	
Padrón de habitantes	
1.-Altas e cambios de domicilio	0,00 euros
2.-Certificacións do padrón	2,00 euros
3.-Volante de empadroamento	1,00 euros
4.-Certificacións do padrón en libros	5,00 euros
5.-Outros non incluído entre os anteriores	3,00 euros

\*Todos os documentos tramitados a través da sede electrónica do Concello de Cerceda, terán unha cota de 0,00 euros.

EPÍGRAFE 2	
Certificacións e consultas	
1.-De acordos e resolucións de órganos administrativos	3,00 euros
2.-Outros certificados	3,00 euros
3.-Diligencias de cotexo e compulsa:	
Soamente pola primeira copia	1,00 euros
4.-Bastanteo de poderes	10,00 euros
5.-Por informes emitidos pola policía local	25,00 euros
6.- Por informes emitidos pola arquitecta municipal (*)	29,60 euros

(\*) cota incluída na ordenanza 4, reguladora da expedición de licencias.

EPÍGRAFE 3	
Participación en procesos selectivos de persoal	
1.-Posto de traballo grupo A ou asimilados	30,00 euros
1.-Posto de traballo grupo B ou asimilados	25,00 euros
1.-Posto de traballo grupo C ou asimilados	20,00 euros
1.-Posto de traballo grupo D ou asimilados	15,00 euros

1.-Posto de traballo grupo E ou asimilados	10,00 euros

#### **Artigo 8. Normas de xestión**

En todo caso, os documentos deberán solicitarse por escrito no rexistro municipal, ou ben a través da sede electrónica municipal do Concello de Cereda.

As cotas ingresaranse en calqueira das contas bancarias das que dispón o Concello de Cereda, debendo adxuntar á solicitude do documento, a copia do ingreso efectuado.

Únicamente as cotas correspondentes ós documentos tramitados no padrón de habitantes, poderán ingresarse na Tesourería da Corporación.

En ningún caso se obterá o documento municipal, sen que conste de xeito expreso o ingreso da cota correspondente.

#### **Artigo 9. Exencións, reduccións e demás beneficios legalmente aplicables**

9.1- Por razóns de capacidade económica, os solicitantes, previo informe dos servicios sociais, poderán quedar exentos do pago da taxa por expedición de documentos.

9.2- Contemplaranse as seguintes exencións no 50% da cota:

- Persoas con grado de discapacidade igual ou superior ó 33%: Deberán aportar o certificado de discapacidade.
- Familia numerosa: Deberán aportar o certificado de familia numerosa ou carnet familiar no que conste dito carácter.
- (Únicamente para as cotas incluídas no epígrafe 3: Participación en procesos selectivos de persoal ) Persoas que figuren como demandantes de emprego, dende, a lo menos, os 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación, e non estén percibindo prestación ou subsidio por desemprego. Deberán aportar a certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a/o aspirante figura como demandante de emprego dende, polo menos esa data, e certificación do servicio público de emprego estatal na que conste que non está percibindo prestación ou subsidio por desemprego.

Para disfrutar destas exencións, deberá aportarse a documentación esixida en cada caso, no momento da solicitude do documento correspondente.

Agás o disposto anteriormente e de conformidade co artigo 9 da Lei 39/88 do 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario algúin, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

#### **Artigo 10. Infraccións e sancións tributarias**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demás normativa aplicable."

\*Intervencións que se citan:

A Sra. López asegura que están dacordo.

O Sr. Sánchez pide modificar a proposta en determinadas cotas.

O Sr. Alcalde contempla a posibilidade de modificala posteriormente.

O Sr. Sánchez dille o Sr. Alcalde que si se compromete a traelo vótase a favor.

O Alcalde afirma que se compromete.

Sometida a votación ordinaria pola Presidencia a proposta ditaminada, resulta aprobada por unanimidade.

#### **Fiscalización e control.**

**Primeiro. Dación de conta dos Decretos de Alcaldía 668 a 919/2020.**

Dase conta dos Decretos da Alcaldía que se relacionan a continuación:

00688/2020	RESOLUCION - cambio do titular dun recibo do LIXO - IVAN REGO PAYO.
00689/2020	DECRETO AUTORIZANDO LA FORMALIZACIÓN DEL CONTRATO DE CONCESIÓN DEMANIAL DE UNIÓN FENOSA EN ESTADIO O ROXO
00690/2020	Solicitud de cambio de titularidade dun recibo do lixo - JOSEFINA REGUEIRO FRAGA.
00691/2020	AXUDAS CUSTO PROGRAMA INTEGRADO ABRIL-MAIO 2020
00692/2020	AXUDAS CUSTO DESPRAZAMENTOS PROGRAMA INTEGRADO XUÑO 2020
00693/2020	DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES AGOSTO 2020
00694/2020	DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES AGOSTO 2020
00695/2020	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD POS 2019.-SENDA PEONIL EN ALBARDA NA AC-400 (SIGRAS - MUROS)
00696/2020	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE ACCESO A POLIGONO DENDE A DP 2402 E OUTRO (POS+OBRASSUM/2017)
00697/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE BOS DIAS COLE NO CPI O CRUCE
00698/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA A INSTALACIÓN NA GARDERIA MUNICIPAL DUN TELEFONILLO CON CÁMARA COMO MEDIDA DE PREVENCION ANTE O COVID-19
00699/2020	DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES AGOSTO 2020, DEF15024IA.820
00700/2020	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES XULLO 2020, NAC15024IA.720
00701/2020	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS XULLO E AGOSTO 2020
00702/2020	APROBACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL DE BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS DO GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVO, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.
00703/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRO DUN DESHUMIFICADOR MOBIL PARA TODAS AS INSTALACIONS MUNICIPAL DO CONCELLO DE CERCEDA
00704/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DEUNHA ASPIRADORA E UNHA TELEVISION PARA AS INSTALACIÓNS DE PÁDEL
00705/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRO MATERIAIS PARA AULA DE INFORMATICA MUNICIPAL , PRECISASE PACK EDUCATIVO ROBOTS
00706/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA ARRANXR O SISTEMA DE REGA DO XARDÍN BOTÁNICO E O ARRANXO DE BAÑOS E DESAUGADOIRO DO VIVEIRO DE EMRPESAS
00707/2020	CONTROL DE LEXIONELA NA PISCINA CLIMATIZADA DE CERCEDA TEMPORADA 2020/2021 (1/10/2020 A 31/06/2021)
00708/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DE PRAZA BOS DIAS COLE 2020/2021
00709/2020	Solicitud General a nombre de SERVICIOS INDUSTRIALES Y TRANSPORTES SA. Solicitud de autorización para la realización del 3º tratamiento fitosanitario en ámbito no agrario.
00710/2020	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE POS 2018.-AMPLIACIÓN PISCINA DO COMPLEXO DEPORTIVO GONZALEZ LAXE
00711/2020	DECRETO DE CONCESIÓN DE PERMISO A ARQUITECTO MUNICIPAL
00712/2020	RESOLUCIÓN - Devolución ingreso indebido - fútbol xaneiro 2020 do menor Daniel Iglesias Reis
00713/2020	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE POS AD1/2019.-CAMIÑO ESTRADA SILVALARACHA A SANTA MARGARITA E OUTROS
00714/2020	RESOLUCIÓN - Solicitud de alta e acometida no abastecemento de auga - JOSEFINA MAZAS CASTELO
00715/2020	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO 9/9/2020
00716/2020	APROBACIÓN DE PADRÓN DA TAXA DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2020
00717/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/29
00718/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/30
00719/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS IDAE DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS PE O AVEVEDO-PAO DO LOBO ...

00720/2020	CONTRATO VIXILANCIA AMBIENTAL VERTEDOIRO DE COBELÁNS
00721/2020	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO TEO LIÑARES RECAREY. CURSO 2020-2021
00722/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE LA OBRA (IDAE) DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS P.E. O ACEVEDO-PAU DO LOBO- O UBAL e PICOTA-CAMPO XESTEDA NA ESTRADA DP.2403
00723/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL PROYECTO DE OBRA IDAE SENDAS PEATONALES E CICLISTAS: RIBASOUTAS-XERMAR-SAN VICENZO E AVDA. DE GALICIA.
00724/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL PROYECTO DE OBRA IDAE SENDA PEONIL E CICLISTA CONSULTORIO A SILVA-GOSENDE-MIXÓN-RODÍS-RÚA ORDES NA ESTRADA AC-400
00725/2020	DECRETO DE CONCESION DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA O MENOR PEDRO DE MENEZES DE OLIVEIRA. CURSO 2020/2021
00726/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL PROYECTO DE OBRAS IDAE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA DE EDIFICIO DE LA BIBLIOTECA
00727/2020	TRAMITACION DE MULTAS
00728/2020	GRATUIDADE TAXA ESCOLA INFANTIL
00729/2020	APROBACION DO PADRON POLA PRESTACION DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL DO MES DE SETEMBRO DE 2020
00730/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS: RIBASOUTAS-XERMAR-SAN VICENZO e AVDA DE GALICIA-RIBASOUTAS NA ESTRADA AC-400
00731/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA TRITURAR BIOMASA PROCEDENTE DE DISTINTOS LUGARES DO CONCELLO
00732/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SUBMISTRO DE MOBILIARIO DE XOGOS FACILMENTE DESINFECTABLES COMO MEDIDA DE PREVENCION FRONTE AO COVID-19
00733/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DUN ATOMIZADOR E RECAMBIO VARIOS PARA O SERVIZO DE LIMEZA VIARIA E XARDÍNS
00734/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA ARRANXAR O SISTEMA DE REGA NO CAMPO DE FÚTBOL DE QUEIXAS, CAMPO DE FÚTBOL DE ENCROBAS, INSTALAR ACOMETIDA DE AGUA NO CENTRO SOCIAL DE XESTEDA E ARRANXO DE FONTANARÍA NO CENTRO SOCIAL DE CERCEDA
00735/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O ARRANXO DE VEHÍCULOS MUNICIPAS DO CONCELLO DE CERCEDA
00736/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE SENDA PEONIL E CICLISTA CONSULTORIO A SILVA-GOSENDE-MIXÓN-RODÍS- RÚA ORDES NA ESTRADA AC-400
00737/2020	DECRETO DE ARPOBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA DE EDIFICIO DE LA BIBLIOTECA
00738/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/31
00739/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/32
00740/2020	APROBACIÓN AXUDAS POR DESPLAZAMENTO INTEGRADO. XULLO 2020
00741/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA O ARRANXO DE PEQUENAS AVARIAS E SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA O CORRECTO FUNCIONAMENTO DA GARDERÍA E DE OUTRAS INSTALACIÓNS
00742/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR ARRANXO CORTACESMEDE RANSOMES E TRACTOR CORTACESPEDE OTIS WOLF A80K DO SERVIZO DE XARDÍNS
00743/2020	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES SETEMBRO 2020, H15024IA.920
00744/2020	DECRETO DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE JESUS LOPEZ RAÑA
00745/2020	INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE MARIA BELLO PEREIRO
00746/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR DA ACCIÓN FOMATIVA "CARRETILLAS ELEVADORAS" DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
00747/2020	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES AGOSTO 2020, NAC15024IA.820
00748/2020	DECRETOS DE MULTAS

00749/2020	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS 21/9/2020
00750/2020	INCORPORACIÓN DO TELETRABALLO, NOVAS MEDIDAS E FLEXIBILIZACION HORARIA
00751/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DEL LOTE 3 DEL CONTRATO MIXTO DE SUMINISTRO Y OBRA DEL PROYECTO DE RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE CERCEDA EN LAS PARROQUIAS DE QUEIXAS, RODÍS Y XESTEDA (IDAE)
00752/2020	RESOLUCIÓN - solicitude BAIXA no padrón do LIXO por cerre de negocio na Silva - José Luciano Bermúdez Lamas.
00753/2020	AUTORIZACIÓN RUA PABLO IGLESIAS
00754/2020	ADAPTACION DA XORNADA DE TRABALLO COMO MEDIDA DE CONCILIACION DA VIDA FAMILIAR E LABORAL MVI
00755/2020	ADAPTACION DA XORNADA LABORAL ARB
00756/2020	ACOMETIDA E ALTA EN SERVICIO DE ABASTECIMENTO - JOSEFINA MAZAS CASTELO.
00757/2020	APROBACIÓN LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO. PERÍODO 2020-2021
00758/2020	INCORPORACIÓN POSTO DE TRABALLO MPB
00759/2020	CONVOCATORIA XGL 23/9/2020
00760/2020	NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE PROTECCIÓN DE DATOS
00761/2020	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/33
00762/2020	CONVOCATORIA DE PLENO 24/9/2020
00763/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE VESTUARIOS EN EL COMPLEJO DEPORTIVO DE CERCEDA (POS AD1/2019)
00764/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLANO DE SEGURIDADE E SAÚDE POS AD1/2019.-CAMIÑO DE LODEIRO A ASTANDE E OUTRO
00765/2020	FLEXIBILIDADE HORARIA A ENTRADA BVB
00766/2020	DECRETO POR EL QUE SE DECIDE NO ADJUDICAR LOS LOTES 1 Y 2 DEL CONTRATO MIXTO DE SUMINISTRO Y OBRA DEL PROYECTO DE RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE CERCEDA EN LAS PARROQUIAS DE QUEIXAS, RODÍS Y XESTEDA (IDAE)
00767/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA DE REHABILITACION ENERGÉTICA MUSEO DO MOUCHO (IDAE)
00768/2020	CESE DE SERVICIOS EN VIVEIRO DE EMPRESAS
00769/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZO PARA A RENOVACION E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA REDE DE LUZ PÚBLICA DA Rúa ALEXANDRE BÓVEDA (FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL2020)
00770/2020	APROBACIÓN DO PLANO DE SEGURIDADE E SAÚDE POS AD1/2019.-CAMIÑO DE MIXON A SARTEGO
00771/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARTÍSTICO PARA A REPRESENTA CIÓN DA OBRA CARABELA DENTRO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DA DEPUTACIÓN
00772/2020	ADXUDICACION DO CONTRATO MENOR PRIVADO DUNHA ACTUACIÓN ARTÍSTICA PARA A PROXECCIÓN DO FILM "RALP ROMPE INTERNET" DENTRO DO CONVENIO CULTURAL DA DEPUTACIÓN
00773/2020	CONTRATO MENOR PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PAPELEIRAS PARA AS BEIRRÚAS DO CONCELLO DE CERCEDA
00774/2020	SOLICITUDE DE TELETRABALLO MSMF
00775/2020	REINCORPORACIÓN DE NRV
00776/2020	SOLICITUDE DE TELETRABALLO DE TSQ
00777/2020	NOMINA SETEMBRO.
00778/2020	CONTRATO MENOR PARA UNHA VARANDA NO CENTRO MEDICO DE A SILVA
00779/2020	DECRETO ACTIVIDADES LER CONTA MOITO 2020
00780/2020	GONZALEZ COUCEIRO SL UNIPERSONAL.Exercicio de opción de compra nave Areosa

00781/2020	GREEN STONE RENOWABLE, DENEGACION ACCESO INFORMACION CATASTRAL
00782/2020	DECRETO MODIFICACIÓN CONTRATACIÓN PEL
00783/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PAGO INDEBIDO DOS POLICÍAS LOCAIS II (RESTO DA PLANTILLA)..
00784/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO REINTEGRO POR PAGOS INDEBIDOS A POLICÍAS LOCAIS I. (ISABEL)
00785/2020	FESTIVOS LOCAIS 2021, CALENDARIO LABORAL 2021
00786/2020	PERMISO DE LACTACIÓN DPP
00787/2020	DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES SETEMBRO 2020
00788/2020	DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES SETEMBRO 2020
00789/2020	DECRETO DE NOMEAMENTO INTERVENTORA ACCIDENTAL MESA CONTRATACIÓN
00790/2020	ADHESIÓN O PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA
00791/2020	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE CARMEN RODRIGUEZ VAZQUEZ
00792/2020	SOLICITUDE DO PROGRAMA DOS BIAAS COLE CURSO 2020-2021, PARA XOEL LIÑARES RECAREY
00793/2020	SOLICITA ABAIXA NO SERVIZO DE BOS DIAS COLE AO FILLO TEO CASAS REGUERO
00794/2020	DECRETO DE CONCESION DA BAIXA DEFINITIVA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA DARÍO LAMAS CARRILLO
00795/2020	SOLICITUDE DE CAMBIO DE HORARIO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA O MENOR TEO LIÑARES RECAREY
00796/2020	DECRETO TAXA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE Á MENSUALIDADE DE SETEMBRO
00797/2020	DECRETO DE MULTAS
00798/2020	DECRETO DE MULTAS
00799/2020	DECRETO DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCEA AUGUSTA LUISA DE LIMA LUIZ
00800/2020	DECRETO POR EL QUE SE APRUEBA UNA NUEVA PROPUESTA DE RESOLUCIÓN TRAS EL ACUERDO DEL CCG DE 4 DE MARZO DE 2020 DENTRO EN EL MARCO DEL PROCEDIMIENTO DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE PARQUE ACUÁTICO A SOLICITUD DE DANIEL MARTINEZ VALVERDE
00801/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA E DE FORMACIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
00802/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A ACCION FORMATIVA DO "CURSO DE CONTRATACIÓN, NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL ON LINE" DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
00803/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE PRODUTOS NECESARIOS PARA LABORES PUNTUAIS DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS EN DISTINTAS ZONAS
00804/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE LOSETAS, PINTURA E OUTROS MATERIAIS PARA OS ARRANXOS E MANTEMENTOS QUE AFECTAN A ÁREA DE SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE (TAMÉN SE INCLUEN MATERIAIS DO SERVIZO DE OBRAS )
00805/2020	ADXUDICAICON CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MASCARILLAS PARA A LOITA FRONTE A COVID-19
00806/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE BIOMBOS PARA O CENTRO DA TERCEIRA IDADE E SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA O ACOLCHAMENTO DA SUPERFIE DO PATIO DOS CATIVOS NO CPI O CRUCE DE CERCEDA
00807/2020	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE PURIFICACION BOCJA EIRIS
00808/2020	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRESNO METAL, S.L.U
00809/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE OBRAS (POS +AD 1/2018) DE BEIRRURUAS EN TRAVESIA ABELEIRA
00810/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA A REVISIÓN TECNICA ANUAL DA GRÚA DO VEHÍCULO DO SERVIZO ELÉCTRICO E DA GRÚA DO SERVIZO DE OBRAS.
00811/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O ALUGUER DUNHA HIDROLAVADORA CON PRESIÓN

	240 BARES PARA A LIMPEZA DOS ESPAZOS PÚBLICOS
00812/2020	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MUNUSVALIDEZ
00813/2020	CONVOCATORIA DE XGL 7/10/2020
00814/2020	CONTRATO MENOR PARA A RECOLLIDA DE PLÁSTICO AGRÍCOLA A DOMICILIO (EXPLOTACIÓNES AGRÍCOLAS E GANDEIRAS)
00815/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA ARRANXAR PORTA VESTIARIO POLICIA LOCAL
00816/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA A SUBSTITUCIÓN DUNHA PORTA EXTERIOR CON SISTEMA ANTIPÁCICO NO CENTRO CÍVICO DO CONCELLO DE CERCEDA
00817/2020	DECRETO ADHESIÓN PEL REACTIVA
00818/2020	Contrato Menor para a retirada dunhas pólas nas inmediacións das parcelas 15024A042002160000HM, xa que entorpecen as obras de asfaltado dese vial (no lugar de As Cavadas (Rodis)).
00819/2020	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES SETEMBRO 2020, NAC15024IA.920
00820/2020	APROBACIÓN AXUDAS CUSTO PROGRAMA INTEGRADO. AGOSTO 2020
00821/2020	CAMBIO DE DÍA DE TELETRABALLO TSQ
00822/2020	DECRETO SUSTITUCIÓN DEL SECRETARIO LOS DÍAS 13 Y 15 DE OCTUBRE
00823/2020	DECRETO DE APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLO SERVIZO DE BOS DÍAS COLE SETEMBRO 2020
00824/2020	DECRETO DE BAIXA NO SERVIZO "BOS DIAS COLE" PARA O FILLO MENOR DE IDADE: IAN DE FRUTOS RIOS
00825/2020	DECRETO DE CONCESION DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O/A MENOR VEGA MUIÑO CASTIÑEIRA
00826/2020	DECRETO DE BAIXA PADRON DE HABITANTES (ENCSARP) ERRO 111 DE: CAMILO ANDRES VIVES MORA
00827/2020	REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS 18-19. CAMIÑO DE SEIXAS-CAVADAS (RODÍS)
00828/2020	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MENSUALIDADE DE OUTUBRO DE 2020
00829/2020	DECRETO DISPONIENDO LA SUSPENSIÓN DE LOS EFECTOS DEL ACTO ADMINISTRATIVO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS EN LOS VESTUARIOS POR LA INTERPOSICIÓN DEL RECURSO DE GALLAECIA, EX ARTÍCULO 117 LPAC
00830/2020	DECRETO DE BAIXA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, ALUMNA: SOFIA PEREIRO RODO
00831/2020	DECRETO DE MODIFICACIÓNES DO SERVIZO DE BOS DIAS COLE PARA O MENOR ANTON AMOR DIAZ
00832/2020	DECRETO DE CAMBIO DE HORARIO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS PARA BENJAMIN IKER SILVA COUTO
00833/2020	DECRETO DE CONCESION DE CAMBIO DE HORARIO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA PEDRO DE MENEZES DE OLIVEIRA
00834/2020	DECRETO DE CONCESIÓN DE VACACIONES NA ESCOLA MUNICIPAL OS PILLABANS PARA ALMA SEOANE RAMOS
00835/2020	DECRETO DE CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EXTRAORDINARIO PARA JUAN JOSE RODRIGUEZ ABAD
00836/2020	DENEGACION DE EMERXENCIA SOCIAL M.A.M.A
00837/2020	LISTAXE DE SOLICITUDES COMPLETAS E INCOMPLETAS DE AXUDAS MUNICIPAIS A ESCOLARIZACION 2020/2021
00838/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR ARTÍSTICO DA OBRA "TANTO CONTA CONTA TANTO" DENTRO DO PROGRAMA "LER CONTA MOITO 2020" DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
00839/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARTÍSTICO DA OBRA "COMO AXUDO A ANTÓN?" DENTRO DO PROGRAMA DA CONSELLERÍA DE CULTURA "LER CONTA MOITO 2020"
00840/2020	APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 18/2020. XERACIÓN DE CRÉDITOS. DOTACIÓN XARDÍN BOTÁNICO
00841/2020	CORRECCION DO DECRETO N° 2020/G003/000879 DA LISTAXE DE SOLICITUDES DE COMPLETAS E INCOMPLETAS DAS AXUDAS A ESCOLARIZACION MUNICIPAIS 2020/2021( TABLA LISTAXE

	CORTADA)
00842/2020	DECRETO ALCALDÍA APROBACIÓN SOLICITUDE TÉRMICAS
00843/2020	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE 10 MAMPARAS DE METACRILATO PARA INSTALACIONES MUNICIPALES
00844/2020	APROBACIÓN BOLSAS PROGRAMA INTEGRADO SETEMBRO 2020
00845/2020	SOLICITUDE DE TELETRABALLO EPS
00846/2020	DECRETO DE MULTAS
00847/2020	APROBACIÓN DO PAGO DO SUMINISTRO DE ELECTRICIDADE PARA A ESTACIÓN DEPURADORA DE RIBASOUTAS
00848/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA DE EDIFICIO DE LA BIBLIOTECA
00849/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS: RIBASOUTAS-XERMAR-SAN VICENZO E AVDA DE GALICIA-RIBASOUTAS NA ESTRADA AC-400
00850/2020	ADJUDICACIÓN CONTRATO MENOR ARTÍSTICO DA OBRA DE TEATRO "OS NENOS DA VARIOLA" DENTRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN
00851/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE SENDA PEONIL E CICLISTA CONSULTORIO A SILVA-GOSENDE-MIXÓN-RODÍS- RÚA ORDES NA ESTRADA AC-400
00852/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DE LA OBRA (IDAE) DE SENDAS PEONÍS E CICLISTAS P.E. O ACEVEDO-PAU DO LOBO- O UBAL e PICOTA-CAMPO XESTEDA NA ESTRADA DP.2403
00853/2020	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES OUTUBRO 2020, H15024IA.020
00854/2020	DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES SETEMBRO 2020, DEF15024IA.920
00855/2020	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/36
00856/2020	DECRETO ALCALDÍA APROBACIÓN PRÓRROGA CONTRATACIÓN PROGRAMA INTEGRADO
00857/2020	CONVOCATORIA DA XGL 21/10/2020
00858/2020	RESOLUCION DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE JOSE MANUEL LOZANO REGUEIRO
00859/2020	AUTORIZACIÓN CIRCULACION PABLO IGLESIAS
00860/2020	DECRETO CONTRATACIÓN 5 PEÓNS PARA AREA DE MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS
00861/2020	APROBACIÓN 1ª CERTIFICACIÓN DE OBRA. POS 2019.-PAVIMENTACIÓN TRAVESIA DE CERCEDA NA AC-400
00862/2020	SUSTITUCION DE ALCALDE DO 26-30 DE OUTUBRO 2020
00863/2020	Tramitación de Decretos - 8348/2020 Resolución de primeras alegaciones Ordinario
00864/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PRIVADO ARTISTICO PARA A OBRA DE TEATRO "APRENDENDO A QUERER" DENTRO DO PROGRAMA LERCONTA MOITO 2020 DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
00865/2020	DECRETO DE MULTAS
00866/2020	DECRETO DE MULTAS
00867/2020	DECRETO DE MULTAS
00868/2020	DECRETO DE MULTAS
00869/2020	DECRETO DE MULTAS
00870/2020	DECRETO DE MULTAS
00871/2020	DECRETO DE MULTAS
00872/2020	DECRETO DE MULTAS
00873/2020	DECRETO DE MULTAS
00874/2020	DECRETO DE MULTAS
00875/2020	DECRETO DE MULTAS
00876/2020	DECRETO DE MULTAS

00877/2020	DECRETO DE MULTAS
00878/2020	DECRETO DE MULTAS
00879/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/35
00880/2020	APROBACION RELACION DE FACTURAS F/2020/34
00881/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR ARRANXO MAQUINARIA DO SERVIZO DE XARDÍNS
00882/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE 2 RADIADORES PARA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
00883/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA REALIZAR OPERACIÓNES PARA O CESE DE ACTIVIDADE E ILLAMENTO DO SISTEMA DE BOMBEO NO PARQUE ACUATICO
00884/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PRIVADO ARTÍSTICO PARA A REPRESENTACIÓN TEATRAL "QUE DESEXAN AS MULLERES?" DENTRO DO PROGRAMA LER CONTA MOITO 2020 DA CONSELLERÍA DE CULTURA
00885/2020	INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00886/2020	INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DOLORES ISABEL LISTE TORRES
00887/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A ACCIÓN FORMATIVA DE "APPCC" DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
00888/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PRIVADO ARTÍSTICO PARA A OBRA DE TEATRO "A VERDADEIRA HISTORIA DE HAMELIN" DENTRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
00889/2020	DECRETO DE CORRECION DE ERROS DO DECRETO NÚMERO 828/2020 DO 08/10/2020 DE APROBACION DA TAXA MUNICIPAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO MES DE OUTUBRO 2020
00890/2020	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O ARRANXO DAS REIXAS DO CENTRO DE SAUDE DE CERCEDA
00891/2020	DECRETO AUTORIZANDO LA FIRMA DEL CONTRATO DE COMPRAVENTA DE LA PARCELA Y NAVE DE AREOSA
00892/2020	APROBACIÓN 1ª CERTIFICACIÓN DE OBRA ACCESO A POLIGONO DENDE A DP 2402 E OUTRO (POS+OBRASSUM/2017)
00893/2020	INDEMNAZIÓN POLOS DANOS E PERDAS OCASIONADOS A ESTA EMPRESA NO MES DE XULLO DE 2020. AURORA, PILAR Y ANA.
00894/2020	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS (IDAE) DE REHABILITACIÓN ENERGÉTICA CASA DO CONCELLO B+IV
00895/2020	DECRETO ALCALDÍA APROBACIÓN CONVENIO VEGALSA
00896/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO FINAL DA OBRA "PISCINA LÚDICA EN PARQUE ACUÁTICO DE CERCEDA"
00897/2020	DECRETO PROPOSTA SUSPENSION CAUTELAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00898/2020	INCOACIÓN SUSPENSION SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE MARIA GONZALEZ BELLO
00899/2020	DECRETO DE SUSPENSION DO PRAZO DE SOLICITUDES PARA AS AXUDAS MUNICIPAIS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021
00900/2020	NÓMINA OUTUBRO.
00901/2020	CORRECCION DO DECRETO 899/2020
00902/2020	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE CONSULTORÍA EN MATERIA URBANÍSTICA
00903/2020	APROBACIÓN FACTURAS F/2020/37. (SUBVENCIÓN COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS)
00904/2020	DECRETO DE RENUNCIA E NOVA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A ACCION FORMATIVA DO "CURSO DE CONTRATACIÓN, NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL ON LINE" DENTRO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
00905/2020	REDUCCION INTESIDADE HORARIA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE JOSE MANUEL LOZANO REGUEIRO
00906/2020	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN CENTRO DE DÍA. ANUALIDADE 2020.
00907/2020	SUSPENSION TEMPORAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE M.G.B.

00908/2020	DECRETO POR EL QUE SE DICTA LA RESOLUCIÓN FINAL DEL PROCEDIMIENTO DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE PARQUE ACUÁTICO A SOLICITUD DE DANIEL MARTINEZ VALVERDE.
00909/2020	EMERXENCIA SOCIAL DE B.M.L
00910/2020	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O/A MENOR ALEJANDRO GARCIA VIEIRA
00911/2020	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2020/38. LER CONTA MOITO
00912/2020	CUMPRIMENTO DA EXECUTORIA 34/2020 - XULGADO DO PENAL 2 AJVM
00913/2020	DECRETO ALCALDIA APROBACIÓN BASES PEL REACTIVA
00914/2020	DECRETO DE EXENCIÓN DE TAXA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O ALUMNO A.F.G. CURSO 2020-2021
00915/2020	DECRETO DE SUSTITUCIÓN DO SECRETARIO O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2020
00916/2020	DECRETO XUSTIFICACIÓN CT235A
00917/2020	DECRETO XUSTIFICACIÓN CT235A PROGRAMA B
00918/2020	DECRETO LISTAXE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS DAS AXUDAS A ESCOLARIZACION 2020/2021
00919/2020	ADXUNTO CONTRATO MENOR PARA UNHA ACTIVIDADE DE MAGOSTO O VINDEIRO 1 DE NOVEMBRO NO CAMPO DA FEIRA DA SILVA E NO CAMPO DA FEIRA DE CERCEDA

Queda enterada a Corporación.

## **Segundo. Mocións.**

Non se presentan.

## **Terceiro. Rogos e Preguntas.**

### **3.1.-Rogos e preguntas que formula o Grupo Municipal Popular.**

#### **3.1.1.-Rogos.**

1.-Colocación de puntos de luz nas estradas dos cementerios.

Contesta o Sr. Alcalde que se revisará a situación.

2.-Que se habilite os medios adecuados para que os grupos Municipais poidan ter acceso a información a que teñan dereito de forma telemática.

O Sr. Alcalde invita os grupos a que o soliciten formalmente.

3.-Reparación dun bache que hai na entrada da pista que pasa por Ribasoutas.

Asegura o Sr. Alcalde que se toma nota.

#### **3.1.2.-Preguntas.**

1.-Cantas alegacións se presentaron a recalificación dos terreos da Areeosa para a ampliación da empresa xestora de animais mortos alí ubicada?Foron resoltas ditas alegacións?

Presentaronse 1219, que se ofrecen en dous modelos. As alegacións foron remitidas e están en trámite.

2.-Debido o peche da Central Térmica. Teñen pensado modificar o escudo do Concello?

Contesta o Sr. Alcalde que é un debate interesante, pero de momento non se contempla, hai que esperar a ver.

Apunta o concelleiro Sr. Sánchez que o escudo corresponde a Comisión Heráldica, que outra cousa é o logotipo do Concello.

3.-Fixeron unha revisión das facturas da auga emitidas nos dous primeiros trimestres deste ano a fin de subsanar os erros que levaron a cobrarlle demais a moitos veciños de Cerceda por non leer o contador no primeiro trimestre e cargar todo o consumo no segundo?

*Sobre este tema o Sr. Alcalde lee un informe de Espina y Delfín, onde explica as circunstancias e as medidas adoptadas polo COVID. E fíxose tamén unha estimación do primeiro trimestre que se regularizou no segundo.*

4.-Cales son os criterios urbanísticos para decidir si os lados dunha estrada se fan beirrúas ou sendas peónis?

*As sendas peónis fanse nas estradas da Deputación e da Xunta, con autorización destes organismos e as beirarruas onde o planeamento o considera.*

Sen máis asuntos por tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e un minuto do día da convocatoria, de todo canto eu, como Secretario Xeral, dou fe.

O Alcalde

O Secretario Xeral

Juan Manuel Rodríguez García

Raúl Martínez Martínez